

**CIRCULAR 3/2026 – INSTRUCCIÓN SOBRE O DESEÑO DO SOBRE DE REMISIÓN DO
VOTO POR CORREO**

Data: 19/5/2026

Esta circular é complementaria da 2/2026, do 01.04.2026, sobre o procedemento de voto por correo. A súa finalidade é a de establecer o deseño do sobre que deberán empregar as persoas que soliciten o voto por correo, para remitir o seu voto. Este sobre incluirá:

- O sobre de voto pechado, coa papeleta de voto no seu interior
- Copia do DNI da persoa votante

En canto ás federacións das que se solicite o exercicio de voto por correo:

1- Deberan achegar á Secretaría Xeral para o Deporte- Subdirección Xeral de Plans e Programas, a documentación necesaria para o exercicio do voto por correo. A estes efectos, unha vez concluído o prazo para a solicitude de voto por correo previsto no calendario electoral da federación correspondente, a Subdirección Xeral de Plans e Programas solicitará á Xunta electoral da Federación, de conformidade co número de solicitudes recibidas, un número estimado á alza de papeletas, sobres de voto, e de sobres de remisión do voto por correo, este último segundo o deseño establecido no apartado seguinte desta instrución.

Dita comunicación efectuarase o día habil seguinte á finalización do citado prazo, ao correo electrónico da Xunta electoral, e nela indicárase o nº do apartado de correos destinado á recepción dos votos por correo, coa finalidade de incluír o citado dato nos sobres de remisión do voto por correo que deben achegar.

2- O sobre para a remisión do voto por correo deberá ter un tamaño A5 e conter os seguintes datos:

No ANVERSO, parte superior esquerda:

“ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE [especificar]
SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

Inclúase no presente sobre:

- Sobre de votación pechado
- Copia do DNI

Estampe o selo de datas no anverso deste sobre.”

No ANVERSO, parte inferior dereita, deberá figurar o destinatario cos seguintes datos:

“SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
APARTADO DE CORREOS [**especificar o comunicado**]
SUCURSAL 2
RÚA ANXO CASAL, SANTIAGO DE COMPOSTELA
CÓDIGO POSTAL 15704 ”

No ANVERSO, na parte superior dereita deberá figurar unha casilla que indique “Franqueo Pagado” ,
Número de cliente: 81024374 e número de contrato: 15000238, así como o escudo da federación galega
correspondente.

No REVERSO deberá constar:

“Nome/Nome do club (segundo proceda):.....

Apelidos/codigo de inscrición no rexistro de entidades deportivas da SXD:.....

Estamento de

Circunscrición:.....

Especialidade de (no seu caso)

Deportista de alto nivel (no seu caso).....”

Acompáñase modelo de sobre.

TAMAÑO A5. ANVERSO

**ELECCIÓN Á ASEMBLEA DA FEDERACIÓN GALEGA DE
SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO CERTIFICADO**

Empregado/a de Correos

Valide a identidade da persoa electora por medio do DNI, pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

Inclúese neste sobre:

- ✓ Sobre votación pechado
- ✓ Copia DNI

Estampe tamén o selo de datas no anverso deste sobre.

LOGO da Federación

FRANQUEO PAGADO

Nº de cliente: 81024374

Nº de contrato: 15000238

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

APARTADO DE CORREOS

SUCURSAL 2

RÚA ANXO CASAL, SANTIAGO DE COMPOSTELA

CÓDIGO POSTAL 15704

REVERSO

Nome/Nome do club (segundo proceda)

Apelidos/código de inscrición no rexistro de entidades deportivas da SXD

Estamento de

Circunscrición

Especialidade de (de ser o caso):

Deportista de alto nivel (de ser o caso)